
GUÍA LEGAL
PARA AUTORES
E ARTISTAS
DE GALICIA
Ramón Rey García
XUNTA DE GALICIA
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Guía legal para autores e artistas de Galicia / Ramón Rey García. — Santiago de Compostela : Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 2021
164 p. ; 15 cm.
D.L. C 854-2021. — ISBN: 978-84-18445-54-5
1. Propiedade intelectual — España 2. Dereito de autor — España I. Rey García, Ramón, dir. II. Universidade de Santiago de Compostela. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, ed.

347.78(460)

© Xunta de Galicia, 2021
© Universidade de Santiago de Compostela, 2021

Coeditan
Universidade de Santiago de Compostela e Axencia Galega das Industrias Culturais, Consellería de Cultura, Educación e Universidade, Xunta de Galicia.

Revisión lingüística e traducións
Mercedes Espiño Amil e Concepción Diéguez Diéguez

Deseño e maquetación
María Castelao

Impresión
Imprenta Universitaria, Campus Vida, Santiago de Compostela

Venda e distribución
Plataforma virtual de publicacións da Xunta de Galicia (libraria.xunta.gal)
Libraría dixital da USC (usc.gal/libros)

Depósito legal: C 854-2021
ISBN 978-84-453-5380-6 (Xunta de Galicia)
ISBN 978-84-18445-54-5 (Universidade de Santiago de Compostela)

A autora, motivo da obra

A fins da década dos oitenta do século vinte, os e as fotógrafas autoras promoveron en Francia unha declaración-movemento, *Droit du regard* (Dereito á ollada), que tamén o mundo académico asumiu como un paso necesario que viría garantir a integridade –tanto visual como de sentido– dunha obra na súa pasaxe cara a nós, o público que mira, e que xa estaba na diferenza política e moral que arredaba o «dereito de autor», nomeadamente na escrita e no cinema, do *copyrigth*.

Lembro o encontro no Centro Georges Pompidou, o debate ledo e intenso, e aquela pregunta ao seu presidente, un mestre da fotografía, a Marc Riboud: que é un autor? O feminino, e a pesar da presenza activa de autoras como Jane Evelin Atwood, aínda non se expresaba como suxeito singular. E Marc Riboud dixo, tan só: facerse respectar.

O momento era acaído para tomar posición. A prensa, no ronsel da emerxencia dos Magazin, incorporara nas redaccións a figura da editora, do editor precisamente para darlle entrada aos proxectos fotográficos na información e na comunicación. As institucións promovían mostras. O libro fotográfico facía a súa reaparición. Mais a foto, a orixe de todo este proceso, estaba ameazada pola lóxica do marketing e foi isto o que deu lugar ao devandito manifesto que, de maneira explícita, rexeitaba a falta de respecto ao espírito do traballo coa rutina de recadrar a eito e a conseguinte mutilación da imaxe, co uso de pés que mudaban o sentido, coa distorsión da *intentio auctoris* na escolma e organización de secuencias, contradicindo a «verdadeira segunda ollada sobre o conxunto das imaxes realizadas». E pagou a pena. Ou non teriamos posibilidade de ver, por exemplo, as reportaxes de Sebastião Salgado, tal e como el as pensou e as organizou para a súa exhibición. Para nós.

Esta é a lóxica que latexa nunha guía legal que se xustifica nos dereitos das persoas autoras, é dicir, as que idean e desenvolven unha nova proposta en calquera das modalidades e pólas do xenérico «Industrias culturais e creativas» aínda que, en moitos casos, a obra veña producirse por procedementos artesanais. Penso, por exemplo, en determinadas pezas no ámbito da moda ou no do cinema experimental.

O Grupo de Estudos Audiovisuais, GEA, cunha ampla experiencia na investigación aplicada nos universos da imaxe e do son e nas iniciativas docentes que relacionan todos os aspectos que teñen a ver co recoñecemento da figura autoral, figura sen a que as obras, simplemente, non existirían, ao coproducir esta edición, comprométese a divulgar, tanto na formación coma nos foros de discusión e de investigación que adoito propiciamos, as achegas das expertas que, ben en nome propio ou no de entidades e agrupacións, participan nesta guía. O noso agradecemento ao coordinador, Ramón Rey García, por iluminar este vieiro tan ás escuras transitado.

Margarita Ledo Andión
Coordinadora do Grupo de Estudos Audiovisuais da USC
Catedrática de Comunicación Audiovisual e Publicidade